

CONVOCATORIA ASSEMBLEA XERAL ORDINARIA 2021

A Presidenta de ESPAZOCOOP, previo acordo do Consello Reitor procede a convocar a Asemblea Xeral Ordinaria da Unión de Cooperativas ESPAZOCOOP, o vindeiro **mércores 16 de xuño de 2021**, en primeira convocatoria ás 15,30h e a segunda ás **16,00h**. Debido ás restrición existentes, para o control do covid-19, a reunión celebrarase en formato dixital **a través da Plataforma ZOOM**.

Orde do Día:

1. Memoria Social do exercicio 2020.

Composición, estrutura e actividades realizadas ao longo do ano 2020 e os resultados acadados.

2. Informe de ingresos e gastos do exercicio 2020.

Preséntanse as contas do ano 2020 e dáse lectura ao Informe de auditoría emitido por A3M Consultores.

3. Aprobación, se procede, das contas anuais do exercicio 2020 e da distribución de resultados.

Sometese a votación a aprobación das contas e o destino do resultado existente.

4. Presentación, debate e aprobación, se procede, do Plan de xestión, do exercicio 2021: actuacións e orzamento.

Proposta de actividades a realizar e proxecto de orzamentos para este ano.

5. Cota asociativa, para 2021.

Proponse manter o nivel de cotas actual e aprobar a cota asociativa para 2021.

6. Elección das persoas que asinarán a acta

Xunto coa presidenta e secretario da asemblea, teñen que asinala tres persoas presentes na asemblea.

7. Presentación e valoración de resultados, do proceso de avaliación do Plan estratéxico 2017-2021

Trasládanse os resultados da consulta realizada, para recoller comentarios e valoracións.

Infórmase do procedemento participativo, para elaboración do Plan estratéxico 2022-2025, que se levará a aprobación da asemblea, no mes de novembro.

8. Rogos e preguntas

Santiago de Compostela, a 26 de maio de 2021.

Asdo. Ana Olveira Blanco

Hora prevista de finalización as 18:30h

INFORMACIÓN DE INTERESE PARA O DESENVOLVEMENTO DA ASEMBLEA

Os Estatutos Sociais de ESPAZOCOOP, establecen que:

Artigo 19.- Natureza e composición.

A Asemblea Xeral, constituída validamente, é a reunión dos representantes de cada unha das cooperativas asociadas para deliberar sobre a política xeral da Unión (...). É, polo tanto, o órgano supremo de expresión da vontade social. O acordos da Asemblea Xeral, obrigan a todas as cooperativas asociadas, incluídas as disidentes e as que non participaran na reunión.

Representarán ás cooperativas, na Asemblea Xeral, a persoa que ostenta a Presidencia do Consello Reitor ou a persoa libremente designada ao efecto por cada cooperativa.

Artigo 24.- Dereito de voto

1.- Cada cooperativa asociada terá un voto na asemblea xeral da Unión.

2.- Para exercer o dereito a voto, a cooperativa deberá acreditar que está ao corrente no pago das cotas, o trinta e un de decembro do exercicio anterior

PARTICIPACIÓN NA ASEMBLEA

Para participar na Asemblea, as persoas deberán **inscribirse** no formulario cuxo acceso aparece no correo enviado coa convocatoria.

O día antes da celebración remitirase enlace á plataforma para o acceso á mesma.

Para aquelas persoas non familiarizadas co uso da plataforma achégase un videotutorial de uso básico:
<https://www.youtube.com/watch?v=Y8hv5>